



159

**RESOLUCIÓN DECANAL DE 3 de decembro de 2019
POLA QUE SE ESTABLECEN OS PRAZOS PARA A
RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
POR COMPENSACIÓN PARA OS ESTUDANTES DE
GRAO, NO CURSO ACADÉMICO 2019-2020.**

De acordo co calendario escolar para o curso 2019-2020 aprobado en Xunta de Facultade o día 31 de maio de 2019 e modificado o 4 de xullo de 2019, establécense as seguintes datas de entrega das actas de examen neste Centro:

Convocatoria Fin de Carrera: 13 de setembro de 2019
Primeiro período: 7 de febreiro de 2020
Segundo período: 19 de xuño de 2020
Convocatoria de xullo: 17 de xullo de 2020

Segundo o disposto no punto 6 da Resolución Reitoral de 9 de febreiro de 2018 pola que se aproba o procedemento transitorio para a **Avaliación por Compensación en estudos de Grao**, establécese que *as solicitudes de avaliación por compensación irán dirixidas, por medio dunha instancia da/o estudante, á dirección do centro de adscrición da mateira. Esta poderá realizarse en cada período de avaliación dende a data de apertura de actas ata quince días hábiles despois do peche de entrega das mesmas.*

Tendo en conta o disposto no parágrafo anterior e segundo indicado na Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común para as Administracións e a Ley 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, é preciso establecer os prazos para as convocatorias deste curso académico 2019-2020, polo que este Decanato **RESOLVE**:

Establecer para a **presentación de solicitudes de avaliación por compensación no curso académico 2019-2020**, os seguintes prazos:

- Convocatoria de FIN DE CARREIRA: dende a data de apertura de actas o 9 de setembro ata o 5 de decembro de 2019, ambos incluídos.
- Convocatoria do PRIMEIRO PERÍODO: dende a data de apertura de actas o 10 de decembro de 2019 ata o 28 de febreiro de 2020, ambos incluídos.
- Convocatoria de SEGUNDO PERÍODO: dende a data de apertura de actas o 8 de abril de 2020 ata o 10 de xullo de 2020, ambos incluídos.
- Convocatoria de XULLO: dende a data de apertura de actas o 22 de xuño de 2020 ata o 7 de setembro de 2020, ambos incluídos.

Ourense, 3 de decembro de 2019.

A DECANA



Mar García Señorán

EXCENSA para facer constar que esta solución se publica con esta data no boletín de anuncios desta Facultade.

Ourense, 3 de decembro de 2019
EFA DE ADMINISTRACIÓN

lo.: Maria Dolores Dominguez Pereira